

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CLÍNICO ESTREA UN AVANZADO ACELERADOR LIÑAL PORTÁTIL PARA APLICAR RADIOTERAPIA INTRAOPERATORIA DURANTE A EXTIRPACIÓN DO TUMOR SEN TER QUE MOVER AO PACIENTE DO QUIRÓFANO

- O aparato, cun custo de máis de 1.400.000 euros, é o primeiro destas características co que conta a sanidade pública galega e dos poucos do sistema sanitario español
- A área sanitaria compostelá segue a mellorar na asistencia aos pacientes oncolóxicos, neste caso no tratamento con radioterapia
- Nestas intervencións multidisciplinares é preciso a participación de facultativos das especialidades de Cirurxía Xeral, Oncoloxía Radioterápica, Anestesioloxía, Radiofísica, o persoal de enfermaría de quirófanos e os técnicos de Radioterapia
- O domingo 19 celébrase o **Día da Oncoloxía Radioterápica**, data na que se documentou a primeira curación con radioterapia

Santiago, 17 de decembro de 2021.- Os quirófanos do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela empregaron onte por primeira vez o avanzado acelerador liñal portátil que permite aplicar radioterapia durante a extirpación do tumor sen mover ao paciente da mesa do quirófano no que está sendo intervido. Nesta ocasión administróuselle a unha paciente cun tumor na mama.

Na intervención participaron facultativos das especialidades de Cirurxía Xeral, Oncoloxía Radioterápica, Anestesioloxía, Radiofísica, persoal de enfermaría de quirófanos e técnicos de radioterapia.

Trátase dun equipo móbil cun custo de máis de 1.400.000 euros, deseñado especificamente para aplicar dose de radiación terapéutica de alta precisión durante o acto cirúrxico, cunhas dimensións axustadas para poder trasladalo con facilidade entre diferentes salas de cirurxía.

A adquisición deste aparato, o primeiro co que conta a sanidade pública galega e un dos poucos que existen no sistema sanitario español, permite aumentar a seguridade dos procedementos combinados de radioterapia e cirurxía que ata agora requiría mover ao paciente dende a mesa do quirófano ata un acelerador liñal convencional para irradiar as zonas de campo cirúrxico que o precisase. Amais proporciona maior efectividade e rapidez ao procedemento.

Radioterapia intraoperatoria (RIO)

A radioterapia intraoperatoria (RIO) é unha técnica que ten por obxecto administrar unha dose de irradiación única, elevada e de máxima exactitude durante a cirurxía tumoral, que se aplica sobre campo cirúrxico unha vez extirpado o tumor, para eliminar residuos microscópicos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A RIO está indicada especialmente no tratamento de tumores malignos fundamentalmente nalgúns cancros de recto, mama e sarcomas.

O Hospital Clínico Universitario de Santiago realiza dende hai anos a técnica de radioterapia intraoperatoria con acelerador convencional dentro do búnquer de radioterapia, sendo dos poucos centros do sistema nacional de saúde que o realiza, e o único de Galicia.

Con esta técnica, a área sanitaria compostelá segue a mellorar na asistencia aos pacientes oncolóxicos, neste caso no tratamento con radioterapia.

Esta adquisición entra dentro do convenio asinado coa Fundación Amancio Ortega para dotar da tecnoloxía máis avanzada aos servizos oncolóxicos galegos.

Día da Oncoloxía Radioterápica

O domingo 19 de decembro celébrase o **Día da Oncoloxía Radioterápica**. Nesa data, no ano 1899 foi cando se documentou a primeira curación con radioterapia.

Saúdos,